



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 11 de decembro de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDESA-PRESIDENTA ACCTAL

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. ALBERTO VARELA PAZ
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 11 de decembro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15/01/2018, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/5628

Dáse conta do escrito presentado por D. José Artiaga Barreira, en representación de **Fundación Artiaga**, solicitando autorización para instalar unha carpa e cadeiras na Praza de Galicia o día 16 de decembro, en horario de 10 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que existen autorizadas outras actividades na Praza de Galicia para o mesmo día, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, comunicando ao Sr. Artiaga que, caso de interesarlle, poderá solicitar autorización para outra data.

PRP2017/5629

Dáse conta de escrito presentado por **D. Manuel Bello Lago** no que realiza a favor do Concello unha cesión de terreo (300 m²) en Horta do Lago, Cea (Quintandona), para ampliación de camiño público.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a cesión do citado terreo para a finalidade indicada.

PRP2017/5630

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencia, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aceptar a cesión en uso a favor do Concello do vehículo Land Rover Freelander II, con placas de matrícula 7078HCW, e sexa incluído na relación de vehículos cedidos que figura no convenio de cooperación asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil deste Concello, con data 9 de maio de 2017.
- Aceptar a cesión en propiedade a favor do Concello do vehículo Ford Ranger, con placas de matrícula 1055BBS, e que se proceda á transferencia do mesmo a nome do Concello de Vilagarcía de Arousa.



PRP2017/5631

Dáse conta do escrito presentado por D. Joao Paulo A. Amorin, en representación de **Nucleo GICAP Artes Marciales Mixtas**, solicitando autorización para realizar un mercado benéfico na Praza de Galicia o día 16 de decembro, en horario de 10 a 19 horas (Actuación Capoeira).

Visto o informe da Policía Local no que se indica que existen autorizadas outras actividades na Praza de Galicia para o mesmo día, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, comunicándolle que, caso de interesarlle, poderá solicitar autorización para outra data.

PRP2017/5632

Dáse conta de Escrito presentado por **D. Isidoro Marquez Tiscar** solicitando autorización pra instalar luces de Nadal en dúas árbores situadas diante da fachada do establecemento “Enjoy Coffee & Bar”, na Rúa Arcebispo Lago.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do alumado solicitado, debendo o Sr. Marquez Tiscar poñerse en contacto coa Empresa instaladora contratada polo Concello para o alumado de Nadal Iluminaciones Santiaguesas, S.L. para que a citada empresa realice a súa colocación e aboamento do importe correspondente o realice o Sr. Marquez Tiscar.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2017/5654

Dáse conta do escrito presentado por **D. Diego Manuel Riveiro Cores**, responsable do proxecto Star-Tcase e gañador do 1º Premio á mellor iniciativa empresarial dentro dos I Premios ao Emprendemento Concello de Vilagarcía de Arousa – Emprende VGA, solicitando prórroga por un prazo mínimo de 15 días para a finalización dos trámites de constitución da empresa.

Visto o informe da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a ampliación solicitada, dado que non se acredita a constitución da Empresa dentro do prazo establecido nas bases reguladoras da Convocatoria e ademais vulneraría o establecido no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Mercados

PRP2017/5657

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da **Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para a apertura da praza de abastos e celebración do mercado semanal, o día 5 de xaneiro de 2018 (venres), por coincidir o sábado 6 de xaneiro de 2018 en festivo.

Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/5658

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de xuño de 2017, de aprobación de orzamento para realización do obradoiro “Arte e Saúde”, figurando



na proposta da Concellería e no acordo da Xunta de Goberno Local D. Ismael Rodríguez Fraga, e debendo figurar “Dona Ramona Brandao Dias”

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrección do erro indicado.

PRP2017/5659

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento do *XII Premio para a igualdade de xénero na Escola: Boas Prácticas na Escola*”, cun orzamento total de 1.500,00 € para premios (tres premios de 500,00 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.

Sanidade

PRP2017/5660

Dáse de conta de notificación de Resolución da Consellería de Sanidade, pola que se conceden subvencións para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidos por Concellos, Mancomunidades de Concellos ou agrupacións de Concellos, pola que a agrupación representada polo Concello de Vilagarcía de Arousa (composta polos Concellos de Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa) acadou a máxima puntuación (86,33), concedéndosele a contía de 59.481,40 € para o desenvolvemento do proxecto de prevención de condutas aditivas por un período de 24 meses (do 1 de xullo de 2017 ao 30 de xuño de 2019).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a citada subvención.

PRP2017/5661

Dáse conta do escrito da FEGAMP comunicando a sinatura do convenio para a realización de programas de atención e protección da saúde (Unidades Asistenciais de Drogodependencias), que subvencionará os gastos do período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a aceptación da axuda ou subvención concedida, por importe de 395.704,90 €, así como tódalas condicións fixadas no mesmo para a percepción e pagamento da mesma.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/5663

Dáse conta da addenda 3ª ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a mellora de instalacións do mercado de abastos 2ª Fase, no que se fixa como data límite de xustificación do investimento o día 27 de decembro para a anualidade de 2017.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a mesma.

PRP2017/5705

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a **D. Joaquín Lustres Carregal** os traballos de coordinación de seguridade e saúde en fase de execución e aprobación do plan de seguridade e saúde das obras de “Humanización da Praza de Galicia e un tramo de Padre Feijoo”, por un importe de 1.585,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.640.



ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2017/5700

Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación co incumprimento da cláusula 2ª do prego de prescricións técnicas, do Contrato de Servizos VAIBIKE, por parte da Empresa adjudicataria **LABICI BICICLETAS PÚBLICAS, S.L.**, ao non ingresar mensualmente ao Concello as tarifas recadadas pola prestación do servizo de préstamo de bicicletas dende o mes de agosto de 2016.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir ao contratista para que proceda ao aboamento da débeda, que ascende a un importe total de 18.020,00 €:

- Xullo-agosto 2016: 3.433,00 €
- Setembro 2016-xuño 2017: 8.580,00 €
- Xullo-agosto 2017: 3.433,00 €
- Setembro-novembro 2017: 2.547,00 €

Advertirlle de que o pago das facturas pendentes se paralizará ata que se realice o ingreso da cantidade indicada.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.